



Resolución de adjudicación do contrato relativo ao "SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA O SEGUIMENTO E COMPROBACIÓN DAS CONDICIÓN REQUERIDAS E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO FEAG-EMPREGANAV"

Expediente: 74.2013

O 26.06.2013 a secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar ordenou o inicio da licitación para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, para a realización do **SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA O SEGUIMENTO E COMPROBACIÓN DAS CONDICIÓN REQUERIDAS E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO FEAG-EMPREGANAV (EXPEDIENTE 2013.74)**, cun orzamento total de licitación de corenta e cinco mil euros (45.000, 00 €) máis nove mil catrocentos cincuenta euros (9.450,00 €) en concepto do Imposto sobre o Valor Engadido a un tipo do 21%, o que fai un total de **cincuenta e catro mil catrocentos cincuenta euros (54.450,00 €)**, distribuído nas seguintes anualidades:

2013: 6.050,21 € + 1.270,55 € (IVE 21%)=7.320,76 €

2014: 38.949,79 € + 8.179,45 € (IVE 21%)=47.129,24 €

A este procedemento foron invitadas 3 empresas:

1. Estratega Consulting Global, S.L.
2. D´Aleph Iniciativas e Organización, S.A. (DALEPH)
3. Estrategia y Organización, S.A. (EOSA)

Despois da apertura do sobre A (documentación xeral administrativa), logo de requirirille a emenda ás 3 empresas invitadas, só presentou documentación para emenda dos defectos observados a empresa Estrategia y Organización, S.A. (EOSA), quedando as restantes excluídas da licitación.

Na data 20.09.2013 realizouse a apertura do sobre B (Documentación relativa á oferta económico-técnica) dando como resultado, segundo o informe de valoración do Servizo promotor, a adecuación ao PCAP e o PPT da única empresa que continúa na licitación, Estrategia y Organización, S.A. (EOSA).

O Servizo de Contratación Administrativa acorda propoñer ao órgano de contratación que a declare como proposición economicamente máis vantaxosa.

A empresa Estrategia y Organización, S.A. (EOSA) efectuou a oferta económica seguinte:

OFERTA ECONÓMICA	IVE (21%)	TOTAL
42.750,00 €	8.977,50 €	51.727,50 €

Á vista do exposto e de acordo co establecido nos artigos 51 e 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), **PROPOÑO** como adjudicataria deste procedemento á seguinte entidade coas condicións que se detallan:

PROPOSICIÓN SELECCIONADA:	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)
CIF:	A 36196418
IMPORTE DE ADXUDICACIÓN:	42.750,00 €+8.977,50 € (IVE)=51.727,50 €
PRAZO DE EXECUCIÓN:	Dende o día seguinte ao da sinatura do contrato e rematará antes do 14 de marzo de 2014

Este importe de adjudicación distribúese nas seguintes anualidades:

2013: 5.747,70€+1.207,02€ (IVE 21%) = 6.954,72€

2014: 37.002,30€+7.770,48€ (IVE 21%) = 44.772,78€

O contrato deberá formalizarse dentro do prazo máximo de 15 días hábiles seguintes a aquel no que a entidade adjudicataria reciba a notificación de adjudicación.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2013
O director xeral de Traballo e Economía Social


Odilo Mariña Rodríguez


11 OUT. 2013
Javier Sobrino Garfía

Vista a anterior proposta de resolución formulada pola secretaria xeral técnica

RESOLVO aprobalas nos seus propios termos.

Dita resolución é definitiva e pon fin á vía administrativa. De conformidade co previsto nos artigos 107.1 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, contra esta, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou, ou ser impugnada directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Notifíquese esta resolución ás entidades interesadas e publíquese no perfil do contratante.

Santiago de Compostela, 11 OUT. 2013
A conselleira de Traballo e Benestar
(P.D. Artigo 1 da Orde do 19 de agosto de 2009)
A secretaria xeral técnica


María Jesús Lorenzana Somoza